

Resolución do 20 de decembro do 2022 da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convoca a selección de centros que participarán nos programas Grand Prix Financeiro, Implantación de ferramentas de medios de pagamento na FP, La loca aventura del ahorro, Preparados para o salto e Seguramente, durante o curso 2022/2023.

O emprendemento é un factor fundamental para o desenvolvemento económico e social dun país, sendo a educación financeira unha das competencias claves do mesmo.

A Estratexia da Formación Profesional de Galicia 2030 inclúe o emprendemento como un eixo estratéxico, establecendo a necesidade de impulsar e acompañar procesos de emprendemento por parte do alumnado de formación profesional.

O Plan de Emprendemento do Sistema Educativo de Galicia, *eduemprende*, posto en marcha pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pretende sensibilizar a toda a comunidade educativa e favorecer a introdución do espírito emprendedor no alumnado, proporcionando os medios e instrumentos necesarios para conseguilo.

Entre as accións desenvolvidas dentro de *eduemprende* atópanse os programas Grand Prix Financeiro, Implantación de ferramentas de medios de pagamento, *La loca aventura del ahorro*, Preparados para o salto e Seguramente, enmarcados dentro do convenio de colaboración establecido entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fundación Galicia Obra Social para o desenvolvemento de actuacións conxuntas a favor do desenvolvemento do espírito emprendedor.

As actividades destes programas están dirixidas a conseguir un avance na cultura financeira do alumnado, coñecemento necesario para emprender negocios minimizando riscos económicos e promovendo un crecemento da competitividade e da economía.

Por todo o exposto anteriormente e coa finalidade de seguir avanzando na promoción da cultura emprendedora, esta Dirección Xeral

RESOLVE:

Primeiro. Obxecto

Convocar o procedemento de selección de centros educativos para a súa participación nos programas Grand Prix Financeiro, Implantación de ferramentas de medios de pagamento na FP, *La loca aventura del ahorro*, Preparados para o salto e Seguramente, durante o curso 2022/2023.

Segundo. Actividades dos programas

As actividades contempladas en cada un dos programas desta resolución son as que se describen a continuación:

1. Grand Prix Financeiro

Este programa ten por obxecto desenvolver actividades e xogos para que o alumnado aprenda, dun xeito activo e en primeira persoa, as pautas iniciais para adaptarse a un orzamento e a importancia do aforro na vida.

A través dun taboleiro xigante do xogo da Oca (4 x 4 metros) e de diferentes paneis, o alumnado participante traballará conceptos básicos da educación financeira adaptados a súa idade. No xogo da Oca, os nenos e nenas terán que distribuír o diñeiro



dun salario simulado para chegar a fin de mes, aprendendo a distinguir entre os gastos inescusables e os secundarios.

2. Implantación de ferramentas de medios de pagamento na FP

Este programa conta con dúas modalidades, unha máis práctica e outra máis teórica. Os centros poden elixir participar en ambas modalidades ou unicamente nunha delas.

2.1. *Modalidade I: Aprendendo cun TPV*

Os centros seleccionados serán dotados dun TPV virtual para a xeración de comercios virtuais e para a aprendizaxe do seu funcionamento. A Fundación Galicia Obra Social entregará a cada centro participante este dispositivo, previa sinatura dun contrato de prestación de servizos facilitado pola entidade.

Cómpre que o TPV teña actividade ao longo do curso académico, xa que máis de nove meses sen actividade suporá a baixa do servizo.

O centro poderá solicitar asesoramento telefónico ou por correo electrónico sobre a utilización do terminal; para iso cada centro designará unha persoa de contacto coa Fundación Galicia Obra Social.

2.2. *Modalidade II: Aprendendo sobre os medios de pagamento*

Actividade que se realizará de xeito virtual cunha duración aproximada de 90 minutos e que consistirá nunha charla-coloquio sobre o funcionamento dos medios de pagamento. Abordaranse temas como a tipoloxía de tarxetas de banca, as formas de operación, as novas tecnoloxías relacionadas con medios de pagamento, riscos e controis que cómpre ter en conta, así como as reclamacións, dereitos e responsabilidades de comerciantes e compradores.

3. *La loca aventura del ahorro*

Este programa consiste na utilización dunha ferramenta didáctica baseada na gamificación, coa que o alumnado participante terá a oportunidade de prepararse financeiramente para a vida adulta. A través dun taboleiro de xogo dixital o alumnado deberá tomar decisións similares ás que toman as persoas adultas no seu día a día.

Os centros participantes terán, ademais, a posibilidade de asistir virtualmente á obra de teatro CÍCLOPE, dunha hora de duración. Nesta obra, enmarcada dentro da educación financeira actual, os actores e actrices representan a tres alumnos de familias de distintos ambientes socioeconómicos que están a preparar a viaxe fin de curso e dan a coñecer, a través de situacións divertidas e singulares, diferentes formas de financiamento da viaxe. Tras a obra, os actores e o director da mesma falarán co alumnado sobre a importancia de ter unha educación financeira básica que permita unha maior saúde económica, mental e persoal. Esta charla terá unha duración aproximada de 40 minutos.

4. Preparados para o salto

Este programa consiste na asistencia presencial ou virtual a unha conferencia titulada "Sé intelixente cos teus cartos". A súa duración será de 50 minutos e nela abordaranse os retos que marcarán a evolución da economía, facendo especial fincapé na necesidade de mellorar o nivel de coñecemento das finanzas persoais para mellorar o nivel de alfabetización financeira. Contidos que se traballan na sesión:



- Como xestionar un orzamento persoal.
- As ferramentas dixitais que nos axudan a ter un maior control dos cartos.
- Elección de indicadores para comparar e elixir os mellores produtos financeiros.
- A importancia do aforro a longo prazo.

5. Seguramente

Este programa propón un xogo interactivo no que o alumnado por medio dunha viaxe virtual polo Camiño de Santiago traballará a educación financeira (planificando gastos, afrontando imprevistos e tomando decisións) e outros contidos de arte, xeografía e historia, lingua, bioloxía, e valores sociais e cívicos dunha forma transversal.

Durante o desenvolvemento dos programas realizaranse reportaxes fotográficas que se utilizarán para a súa difusión.

Terceiro. Temporalización dos programas

O programas desenvolveranse desde a publicación de resolución de centros seleccionados ata o mes de xuño, antes do remate do curso escolar 2022/2023.

Cuarto. Destinatarios

Alumnado matriculado en centros con ensinanza sostidas con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades dos niveis educativos que se indican na seguinte táboa:

PROGRAMA	ALUMNADO
Grand Prix Financeiro	De 3º a 6º de Educación Primaria
Implantación de ferramentas de medios de pagamento na FP	Ciclos formativos das familias profesionais de Administración e Xestión, Comercio e Márketing, Hostalería e Turismo, e Sanidade
La loca aventura del ahorro	De 1º a 6º de Educación Primaria
Preparados para o salto	De Bacharelato, ciclos formativos de Formación Profesional, Ensinanzas para adultos, Ensinanzas de artes plásticas e deseño e Ensinanzas deportivas
Seguramente	De 3º a 6º de Educación Primaria, ESO e ciclos formativos de grao básico

Quinto. Proceso de solicitude e prazo de presentación

Para participar neste programa o centro educativo deberá cubrir e presentar unha instancia de solicitude (Anexo I) por cada programa no que desexe participar.

As solicitudes enviaranse, desde a conta de correo corporativa do centro educativo a solicitudes.eduemprende@edu.xunta.gal co seguinte asunto "*Solicitude programa: nomedoprograma 2022-2023*", onde **nomedoprograma** será un dos nomes do programa (Grand Prix, Medios_pagoamento, Laloca_aventura, Preparados_para_o_salto, Seguramente).



O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (<https://www.edu.xunta.gal/portal/>).

Sexto. Selección dos centros

A selección de centros participantes farase para cada un dos programas atendendo aos seguintes criterios:

1. Grand Prix Financeiro

O número máximo de centros que poden participar nesta actividade será de 7 en cada un dos trimestres.

Non hai número máximo de alumnos/as por centro, pero si hai un mínimo de dous grupos por centro escolar (aproximadamente 50 alumnos/as). O alumnado participante distribuirase en subgrupos de 12 alumnos/as.

Os centros que realicen a actividade deberán dispoñer dun espazo suficientemente amplo para poder montar o material do xogo. O xogo da Oca mide 4x4 metros e o resto do stand 6x8 metros.

No caso de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles, os centros seleccionaranse pola seguinte orde de prioridade:

1. Non ter participado na convocatoria anterior.
2. Maior número de alumnado participante.

Para esta valoración constituirase unha comisión composta por:

- Dúas persoas da Subdirección Xeral de Innovación Profesional e Coordinación co Sistema Produtivo, unha das cales actuará como presidente/a da comisión de selección e outra coma secretario/a.
- Unha persoa representante da Fundación Galicia Obra Social.

2. Implantación de ferramentas de medios de pagamento na FP

Na Modalidade I: *Aprendendo cun TPV*, o número máximo de centros que poderán participar é de 6 por cada trimestre, sen que sexa posible a acumulación de prazas dun trimestre para outro. Non haberá número máximo de alumnado participante.

No caso de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles, os centros seleccionaranse pola seguinte orde de prioridade:

1. Non ter participado na convocatoria anterior.
2. Maior número de alumnado participante.

Para esta valoración crearase unha comisión composta por:

- Dúas persoas representantes da Subdirección Xeral de Innovación Profesional e Coordinación co Sistema Produtivo, unha das cales actuará como presidente/a da comisión de selección e outra como secretario/a.
- Unha persoa representante da Fundación Galicia Obra Social.

Na Modalidade II: *Aprendendo sobre os medios de pagamento*, non hai límite de centros participantes, todos os centros que remitan a solicitude en tempo e forma serán admitidos nesta actividade.



3. *La loca aventura del ahorro*

Non hai límite de centros participantes polo que todos os centros que remitan a solicitude en tempo e forma serán admitidos nesta actividade. Unicamente se poderá presentar unha solicitude por centro educativo.

4. Preparados para o salto

Cada centro poderá presentar unha única solicitude na que indicará a súa preferencia de modalidade de participación, presencial ou virtual.

Na modalidade presencial, as actividades desenvolveranse nunha das aulas da rede de Aulas de Emprendemento. O número máximo de conferencias presenciais que se impartirán será de 6 por trimestre.

Todas as solicitudes realizadas en prazo e forma serán admitidas para participar. Por cuestións organizativas decidírase a modalidade de participación (presencial ou virtual) dos centros solicitantes.

5. Seguramente

Todos os centros que presenten a solicitude en prazo e forma serán admitidos. Non existe límite de centros nin de alumnado por centro.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

M^a Eugenia Pérez Fernández

A Directora Xeral de Formación Profesional

